

O Colexio Plurilingüe Emma celebra o samaín coa visita de Manolo, o castañeiro de Porta Faxeira

Este venres 29 de outubro, o emblemático colexio de Virxe da Cerca, fundado en 1950, recupera unha das súas festividades mais celebradas.

Neste curso académico o Colexio Emma está a recuperar moitas das súas actividades estacionais, e neste contexto os alumnos celebraron o tradicional magosto, recibindo no centro a un visitante moi especial: Manolo Prieto e a súa locomotora. O castañeiro, que empezou neste oficio axudando ao seu pai cando aínda era un neno, sempre ten un sorriso para os mais pequenos, que festexan especialmente a presenza do seu orixinal vehículo.

Xunto coa a celebración do magosto e o reparto das castañas, os cativos achegaron diversión coas súas máscaras e disfraces, coas que participaron nun emocionante concurso que se celebrou a través do Instragram. Asemade -e durante toda esta semana-, celebraron no centro todo tipo de actividades de investigación, lectura e escritura creativa vencelladas a esta época do ano, así como as diferentes etapas educativas.

Sempre que as normas sanitarias o permitan, o Colexio ten previsto seguir con esta tendencia e reactivar neste curso académico boa parte das festividades, exposicións, charlas e excursións que sempre foron parte fundamental do calendario escolar no centro.